

CONVENIO ENTRE A UNIVERSIDADE DA CORUÑA E O INSTITUTO GALEGO DE ESTADÍSTICA PARA A REALIZACIÓN DE PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS CURRICULARES DE ESTUDANTES DA FACULTADE DE SOCIOLOXÍA

Santiago de Compostela, 22 de outubro de 2019

Na nova ordenación das ensinanzas universitarias derivada da adaptación ao espazo europeo de educación superior (EEES) ponse unha especial énfase na realización por parte dos estudantes de grao e mestrado de prácticas externas con valor académico en entidades públicas ou privadas, nacionais ou internacionais, desde a consciencia de que a combinación dunha axeitada formación teórica universitaria co coñecemento aplicado das técnicas e das metodoloxías desenvolvidas no campo profesional constitúe a base máis sólida para a súa formación integral, ao capacitalos correctamente para a súa futura inserción no mercado laboral.

O Instituto Galego de Estatística (IGE), pola súa parte, entre as funcións que ten encomendadas no seu Plan Anual de Actuación figuran as prácticas de alumnos/as das universidades galegas dentro do apartado de “Cursos, seminarios e outras actividades formativas e divulgativas”. Todo isto en coherencia coa Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia e como actuacións complementarias das reguladas pola Lei 15/2016, do 28 de xullo, do Plan Galego de Estatística 2017-2021.

REÚNENSE:

Por unha banda, D. Julio Abalde Alonso, reitor da Universidade da Coruña (UDC), con sede na rúa da Maestranza 9, 15001 A Coruña, e CIF Q6550005J. Actúa en nome e representación da institución citada, no uso das atribucións que lle confire o art. 36.1.f) dos seus Estatutos, aprobados polo Decreto 101/2004, do 13 de maio, da Xunta de Galicia (DOG nº 100, do 26 de maio), modificado polo Decreto 194/2007, do 11 de outubro (DOG nº 201, do 17 de outubro), que outorga ao reitor a facultade para asinar convenios no nome da Universidade da Coruña.

E doutra, D. José Antonio Campo Andián, director do Instituto Galego de Estatística (IGE), actuando en nome e representación do mesmo, en virtude das atribucións que lle confire o artigo 41.1 da Lei 9/1988, do 19 de xullo, de estatística de Galicia,

Ambas as dúas partes recoñécense con capacidade legal suficiente para outorgar o presente convenio e, para os efectos,

ACORDAN:

O establecemento dun convenio de colaboración educativa para a realización de prácticas académicas externas curriculares, de conformidade coas seguintes



CLÁUSULAS

Primeira.-OBXECTO

Este convenio ten por obxecto posibilitar aos estudantes da Facultade de Socioloxía da UDC a realización do prácticum correspondente ao plan de estudos do Grao en Socioloxía nas dependencias do IGE.

A través do presente convenio fíxanse as pautas e mecanismos de colaboración entre as partes, coa finalidade de establecer unha adecuada programación, desenvolvemento e verificación do correcto desenvolvemento da colaboración.

Segunda.- OBRIGAS DO IGE

O IGE achegará ás súas persoas expertas para aquela parte da docencia teórico-práctica especializada que fose precisa.

O IGE acollerá 1 estudante por cada convocatoria que faga a Facultade de Socioloxía da UDC.

O IGE nomeará un titor ou titora que se encargará do seguimento das prácticas, supervisará a súa realización e emitirá un informe final sobre o seu contido e avaliación.

No caso de que a avaliación da memoria e o informe de actuación do estudante sexan favorables, o IGE emitirlle a cada un dos que participasen con regularidade nas prácticas unha certificación na que deben constar o tempo de colaboración e as actividades, traballos, investigacións, etc. realizados.

A certificación deberá especificar que carecerá de efectos académicos e que, para estes efectos, quedará supeditada á avaliación que realice a universidade asinante das prácticas.

Terceira.- OBRIGAS DA UNIVERSIDADE

A selección do alumnado será competencia da universidade, así como a organización do apoio teórico e práctico para o desenvolvemento das prácticas.

Por parte da universidade comunicarse ao IGE cunha antelación mínima de 15 días o estudante seleccionado que realizará as prácticas

A avaliación das prácticas realizaraa a universidade a través dos seus titores ou titoras, tendo en conta a memoria elaborada polo estudante e o informe de prácticas do titor ou titora do IGE.

Cuarta.- RESOLUCIÓN DO CONVENIO

Serán causas de resolución do convenio:



- a) O mutuo acordo das partes.
- b) O incumprimento das obrigacións das partes que se establezan nas cláusulas contidas no mesmo, previa reunión da comisión de seguimento.

Quinta.- COMISIÓN DE SEGUIMIENTO E INTERPRETACIÓN

Créase unha comisión de seguimento e interpretación do presente convenio integrada, por parte da UDC, pola Vicerreitora de Estudantes, ou persoa na que delegue, e polo responsable de prácticas do centro. Polo IGE formarán parte da comisión as dúas persoas que se designen.

A Comisión de Seguimento terá as seguintes competencias con relación ás prácticas tuteladas:

1. Resolver os problemas que se susciten na súa execución.
2. Interpretar e aplicar, con carácter xeral, as estipulacións deste convenio, así como controlar o seu cumprimento e resolver os conflitos entre partes.
3. Tomar medidas en relación coas incidencias que xurdan na realización das prácticas, incluída a expulsión dos estudantes que non cumpran as cláusulas do convenio.

A comisión reunirse cando o considere necesario calquera das partes.

Sexta.- NORMAS DE APLICACIÓN

O presente convenio de colaboración queda excluído do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, do 9 de novembro, de contratos do sector público e seralle de aplicación a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Ao presente convenio seralle aplicable subsidiariamente a seguinte normativa:

- Real Decreto 1393/2007, do 29 de outubro, polo que se establece a ordenación dos ensinos universitarios.
- Real Decreto 592/2014, do 11 de xullo, polo que se regulan as prácticas académicas externas dos estudantes universitarios.
- Normativa do plan de estudos da titulación.

Sétima.- DURACIÓN

A duración do presente convenio será de dous anos naturais e, en todo caso, respectarase o tempo de realización das prácticas que estivesen xa iniciadas ao longo da vixencia do convenio. Por mutuo acordo das partes, poderá prorrogarse a través da sinatura da correspondente addenda, cunha duración máxima de dous anos naturais.



Aos efectos de publicidade estarase ao disposto no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o rexistro de convenios da Xunta de Galicia (DOG 03.08.06).

Oitava.- RÉXIME XURÍDICO DA REALIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

As prácticas académicas externas levaranse a cabo de acordo coas seguintes normas:

a) PERSOAS DESTINATARIAS

Poderán beneficiarse deste programa aqueles estudantes matriculados nalgunha titulación da Facultade de Socioloxía, de conformidade co plan de estudos correspondente.

b) PERÍODO

O tempo de realización de prácticas tuteladas por parte do alumnado será o número de horas recollido no plan de estudos correspondente, e sempre cun máximo de 275 horas.

c) NÚMERO DE PRAZAS

Para realizar as prácticas, o IGE acollerá 1 estudante por cada curso académico.

d) TITORIZACIÓN DAS PRÁCTICAS

Tanto o IGE como a UDC, respectivamente, designarán titores ou titoras que se encargarán do seguimento das prácticas, supervisarán a súa realización e emitirán un informe final sobre o seu contido e avaliación.

Deste xeito, o IGE e a persoa coordinadora da UDC, deberán asinar un documento no que figuren, perfectamente detallados, cal será a tarefa do alumno, o período exacto do traballo, así como un apartado para un informe breve de ambos titores ou titoras, onde se indique cal foi o nivel de aproveitamento do estudante e a súa apreciación sobre a capacidade do mesmo.

e) DEREITOS E OBRIGAS DO TITOR OU TITORA DO IGE

O titor ou titora do IGE terá os seguintes dereitos:

- a) Ao recoñecemento da súa actividade colaboradora por parte da UDC, en forma de certificado de docencia, de ser requirido pola persoa interesada.
- b) A recibir información acerca da normativa que regula as prácticas externas, así como do proxecto formativo (guía docente da materia) e das condicións do seu desenvolvemento.
- c) A ter acceso á UDC para obter a información e o apoio necesarios para cumprir os fins propios da súa función.



Tamén terá os seguintes deberes:

- a) Acoller ao estudante e organizar a actividade a desenvolver, de acordo co establecido no proxecto formativo.
- b) Supervisar as súas actividades, orientar e controlar o desenvolvemento das prácticas, cunha relación baseada no respecto mutuo e no compromiso coa aprendizaxe.
- c) Informar ao estudante da organización e funcionamento do IGE e da normativa de interese, especialmente a relativa á seguridade e riscos laborais.
- d) Coordinar co titor ou titora académica da UDC o desenvolvemento das actividades establecidas, incluíndo aquelas modificacións do plan formativo que poidan ser necesarias para o normal desenvolvemento das prácticas, así como a comunicación e resolución das posibles incidencias que puideran xurdir no desenvolvemento das mesmas e o control de permisos para a realización de exames.
- e) Emitir o informe final.
- f) Proporcionar a formación complementaria que precise o estudante para a realización das prácticas.
- g) Proporcionar ao estudante os medios materiais indispensables para o desenvolvemento das prácticas.
- h) Facilitar e estimular a achega de propostas de innovación, mellora e emprendemento por parte do estudante.
- i) Facilitar ao titor ou titora académica da UDC o acceso ao IGE para o cumprimento dos fins propios da súa función.
- k) Gardar confidencialidade en relación con calquera información que coñeza do estudante, como consecuencia da súa actividade como titor ou titora.
- l) Prestar axuda e asistencia ao estudante durante a súa estadía no IGE, para a resolución daquelas cuestións de carácter profesional que poida necesitar no desempeño das actividades que realice.

f) CONTIDO DAS PRÁCTICAS

O contido específico das prácticas será o que se especifique no proxecto formativo, que se achegará como anexo a este convenio na documentación de formalización de cada práctica.



g) MEMORIA DAS PRÁCTICAS

Ao rematar o período de prácticas, o estudante deberá realizar unha memoria final sobre o traballo desenvolvido.

h) EFECTOS

A realización das prácticas tuteladas polo estudante poderá supoñer o recoñecemento de créditos prácticos necesarios para a obtención dos títulos correspondentes, segundo a convocatoria específica de cada curso.

i) RELACIÓN CO IGE

Os estudantes en prácticas non terán, en ningún caso, vinculación laboral co IGE, nin terá consideración de contrato en prácticas, aprendizaxe, tempo parcial ou calquera outra modalidade existente.

Os estudantes en prácticas non poderán realizar tarefas de responsabilidade no IGE, nin (polo menos en solitario) aquelas exclusivas do persoal do IGE, estando sempre e, en todo caso, orientadas as prácticas a unha aprendizaxe práctica titorizada.

Os estudantes en prácticas poderán recibir unha compensación por gastos efectuados no desenvolvemento das mesmas (gastos de transporte e desprazamento, comidas, etc.), en forma de bolsa ou axuda de estudos.

O IGE non poderá cubrir, nin sequera con carácter eventual ou interino, ningún posto de traballo co estudante en prácticas, agás que formalice con el un contrato de traballo, suposto no que cesará na realización das prácticas, debendo comunicarse este feito á comisión de seguimento do convenio.

k) SEGURIDADE DO ESTUDANTE E RESPONSABILIDADE CIVIL

Os riscos de enfermidade ou accidente estarán cubertos polo correspondente seguro escolar para os estudantes menores de vinte e oito anos. Para os maiores de vinte e oito anos formalizarase obrigatoriamente no momento da matrícula, ao cargo do estudante, un seguro específico.

A cobertura dos riscos derivados da responsabilidade civil do alumnado que realice prácticas tuteladas no IGE queda garantida pola UDC.

Novena.- PROTECCIÓN DE DATOS

As partes comprométese a cumprir co disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, que supón a adaptación da normativa española ao Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección de datos das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e á libre circulación



destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos).

O estudante en prácticas que por razón das actividades formativas teña acceso, en calquera fase do tratamento, a datos de carácter persoal, non revelará a persoa allea ao IGE información da que tivera coñecemento, nin utilizará ou dispoñerá dela dun xeito ou con finalidade distinta á esixida polas accións formativas, obriga que subsistirá aínda despois de rematadas as mesmas, respondendo en caso de incumprimento do deber de segredo fronte ao IGE, sen prexuízo das responsabilidades que por igual causa puidesen derivarse ante a Axencia Española de Protección de Datos.

A tal efecto o estudante poderá asinar co IGE un documento no que se obrigue a cumprir o deber de segredo antes citado.

Décima.- XURISDICIÓN

As partes comprométense a resolver amigablemente as diferenzas que puidesen xurdir a través da comisión de seguimento.

Non obstante, recoñécese a xurisdición contencioso-administrativa como competente na materia, dada a natureza pública das partes.

POLA UDC O Reitor	POLO IGE O Director